

## REGULAMENTO DA IX MARCHA CICLOTURISTA BTT

1. Terá lugar o 17 de setembro do 2017 coa saída ás 9:30 horas do aparcamento fronte a biblioteca municipal do concello de A Laracha.
2. A proba celebrarase sobre dous percorridos: un de 45 Kms e 1000m de desnivel+ e outro de 35 kms e 800m de desnivel+, decantándose os participantes pola realización de un ou outro durante aproximadamente a metade da proba no punto de bifurcación debidamente sinalado.
3. CATEGORÍAS: Unha soa categoría na que poderán participar as persoas que o desexen maiores de 18 anos.
4. INSCRIPCIONS: Faranse a través de [championchip.com](http://championchip.com)
5. PREZO: 8 EUROS  
Que dan dereito a participar no evento, avituallamentos líquidos, duchas, lavado de bicicletas.
6. SENALIZACIÓN E CONTROIS:  
O percorrido estará sinalizado con tiras de cinta de plástico de cor vivo, que se colocarán o día anterior da marcha e sacarán unha vez finalice a mesma.  
Dado que se trata dunha marcha non competitiva, o percorrido estará neutralizado e controlado no primeiro km que discorre dende por carreteira ata adentrarse no monte. E dicir, un coche da policía local abrirá o percorrido e pechará outro coche de protección civil ou no seu defecto un coche da organización totalmente identificado e con luces que avisen o resto de usuarios das vías do paso dos ciclistas. Nos cruces haberá socios-voluntarios debidamente identificados con chaleco fluorescente co anagrama do clube para xestionar o correcto discurrir da marcha. Nas estradas consideradas de máis tráfico esta labor realizarana membros de Protección Civil.
7. AVITUALLAMIENTOS: Haberá avituallamiento durante a proba e 1 avituallamiento de meta.
8. MEDIDAS DE SEGURIDADE. Os participantes están obrigados a uso de casco e dorsal visible.  
Estimamos que cada participante e consciente da proba na que participa, polo cal solo recomendamos calzado idóneo, roupa en función da climatoloxía un recipiente non desechable para hidratarse e teléfono mobil.
9. Disporase de dous seguros para cubrir o evento: un Seguro de Responsabilidade Civil e un Seguro de Accidentes que cubrirán os participantes.
10. Quedará descalificado todo o que non cumpra o presente regulamento, deteriore ou ensucie o entorno, non leve o dorsal ben visible ou desatenda as indicacións da organización.
11. A organización resérvase o dereito a realizar as identificacións que considere necesarias en función das diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas obligan ou por forza maior.
12. Os participantes están obrigados a auxiliar os accidentados e a respetar as normas de circulación nos cruces de carreteira. A privación de auxilio será penalizada coa descalificación inmediata.
13. Serán descalificados, os participantes que presenten comportamentos anómalos a proba, mostren actitudes violentas, ou tiren lixo no medio natural. Sendo obrigatorio respetar os cultivos, o gando e a propiedade privada en xeneral. Os participantes serán responsables dos danos ocasionados.
14. A organización non cortará en ningún momento a circulación, e os participantes respetarán as normas viais nas poboacións e carreteiras de uso público.
15. Dereitos de imaxe. A entidade organizadora resérvase en exclusividade o dereito

sobre a imaxen e así como a explotación audiovisual, fotográfica e periodística do evento. Calquer proxecto mediático ou publicitario deberá contar previamente co consentimento da organización.